



## Bases que rexerán o X concurso de beléns:

Poderán participar as asociacións, agrupacións, colexios, entidades cidadáns e particulares en xeral pertencentes ao Concello de Monterrei que formalicen a súa inscrición dentro do prazo establecido.

É preciso que aquelas persoas que actúen como representantes de colectivos dean os seus datos completos.

Características:

Os beléns poderán ser de calquera tamaño, e estar en lugares accesibles ao público (Igrexas, centros sociais, rúas públicas, baixos de particulares, etc).

Deberán recrear ambientes rurais, utilizando para a súa elaboración materiais tradicionais tales como serraduras, cortiza, ríos con auga en movemento etc. Valorarase positivamente en todos os casos a orixinalidade, o traballo artesanal, o enxeño, a riqueza artística, o esforzo, os materiais utilizados, o uso de elementos reciclados e a laboriosidade na execución das obras.

Valorarase negativamente os detalles de mal gusto e todo o que atente contra o carácter propio que debe presidir os nacementos.

Os beléns participantes deberán incluír como mínimo as tres escenas fundamentais: animación dos pastores, nacemento e adoración dos Reis.

As persoas interesadas en participar no concurso deberán formalizar as súas inscricións ata o día 13 de decembro, sendo a recollida destas, así como a súa entrega nas oficinas do Concello de Monterrei, de luns a venres en horario de 9:00 h a 14:00 h ou a través da sede electrónica ; <https://monterrei.sedelectronica.es/info.0> facilitando todos os datos de contacto: nome da entidade e representante, teléfono, enderezo e correo electrónico.

Así mesmo, deberían idicar o lugar no que está situado o belén participante.

Haberá un xurado que estará integrado por un representante eclesiástico e representantes do Concello. Cada xurado puntuará o belén participante de 0 a 10 puntos. A suma de todos os puntos recibidos dará lugar aos finalistas deste concurso, que serán visitados e valorados para designar ao belén premiado desta edición.

En caso de empate, volverase puntuar entre os empatados, pero nesta ocasión do 1 ao 3, así sucesivamente ata que haxa dous claros gañadores.

O xurado efectuará as visitas o día 18 de decembro, previamente de acordo cos interesados. O xurado resérvase a facultade de interpretar as presentes bases ou resolver calquera imprevisto. A ser posible, deberán estar presentes os autores dos beléns durante a visita do xurado.

Os premios que se outorgarán serán os seguintes:

- 1º premio: 100 €





## Concello de Monterrei

---

- 2º premio: 50 €

Todos os inscritos no concurso recibirán un recoñecemento pola súa participación.

O resultado do concurso farase público o día 5 de xaneiro de 2024, sendo a entrega de premios o mesmo día.

Monterrei, 25 de novembro de 2024.

O alcalde

José Luís Suárez Martínez

